



Á ATENCIÓN DA ALCALDÍA DO CONCELLO DE ARZUA

Rúa Santiago, 2

15810 Arzúa (A Coruña)

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2014

Estimado Alcalde,

Como Vde. sabe, Augas de Galicia vén desenvolvendo, a través da consultaría *Enxeñeiros e Arquitectos Consultores IDOM S.A.*, unha asistencia técnica co obxecto de prestar asesoramento técnico e supervisar a xestión das EDAR de Galicia mediante a realización de auditorías periódicas das condicións de funcionamento deste tipo de instalacións.

De acordo co artigo 27 da Lei de augas de Galicia é competencia das entidades locais o tratamento das augas residuais, a explotación e o mantemento das redes de sumidoiros, así como o control das verteduras ás redes de sumidoiros no marco do que ordene a normativa de aplicación ao respecto.

Deste xeito cómpre sinalar que, nas auditoría periódicas que realizamos, avaliamos o funcionamento da EDAR competencia do Concello, independentemente que as tarefas de explotación e mantemento as realice o Concello directamente co medios propios ou ben por medio dunha empresa concesionaria.

Deste xeito, informámoslle dos aspectos máis relevantes da EDAR de Arzúa, correspondentes ás auditorías realizadas durante o trimestre outubro - decembro de 2013. Son:

- Cumprimento da Directiva 91/271/CEE na mostra analizada.
- Incumplimento da Autorización de Vertido en canto a nitróxeno total e fósforo total na mostra analizada.

AUTORIZACIÓN DE VERTIDO		FECHA MUESTREO
PARÁMETRO	VALOR LÍMITE EMISIÓN	29/11/2013
DQO (mg/l)	<125	30
DBO ₅ (mg/l)	<25	10
SS (mg/l)	<35	6
Nitróxeno total (mg/l)	<15	20,7
Fósforo total (mg/l)	<2	2,48

- Equipo de desinfección con rendemento insuficiente.
- Recomendacións operativas:
 1. Incrementar a retirada de pequenas pedras, etc., no canle de entrada que poden danar a malla dos rototamices.



2. Traballar sempre cos dous rototamices para optimizar a separación de grosos e evitar o seu paso a biolóxico.
3. Incrementar o control sobre a purga e a deshidratación. Os caudais purgados son moi inferiores ós teóricos derivados das condicións de operación actuais. A maiores, o explotador indica que segue tendo serios problemas para conseguir operar co filtro banda do xeito adecuado.
4. Incrementar o control sobre os valores de osíxeno no reactor e tentar acadar un bo equilibrio nitrificación-desnitrificación.
5. Ter en conta que a planta dispón da instalación necesaria para a eliminación química de fósforo, e vistos os resultados obtidos é necesario que o explotador contemple a necesidade de poñela en marcha.
6. Tentar mellorar o grado de espesado do fango a filtro banda mantendo un tempo de residencia mínimo do fango no espesador.
7. Incrementar o control sobre a dosificación de hipoclorito mediante a medición in situ do cloro residual.

Director da Asistencia Técnica:



Juan Pablo Barrio Martín
Augas de Galicia